

EXPEDIENTE: 2024/E001/000004

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO.

TRÁMITE: RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE LISTA DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS, CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA DA OPOSICIÓN.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 08 de maio de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o martes 14 de maio de 2024 (BOP núm. 93) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Por Resolución de Alcaldía núm. 259/2024 de data 30/05/2024 e a posterior Resolución de Alcaldía núm.268/2024 de data 04/06/2024 de corrección de erros da antedita resolución, resolveuse entre outros aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, concedendo un prazo de 5 días naturais seguintes a publicación da citada resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Logo de ver a dilixencia da funcionaria encargada do Rexistro de Entrada e Saída de documentos do Concello de Dodro, de data 11/06/2024 resulta que, rematado o prazo para a presentación de alegacións e/ou emendas contra o listado provisional, foron presentadas as seguintes, a efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

Ruso Somoza, Patricia con DNI ***690***

Rematado o prazo de presentación de alegacións contra a resolución que aproba a lista provisional de admitidos e excluídos, e comprobados os requisitos esixidos nas bases da convocatoria, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aceptar a emenda de documentación da seguinte persoa candidata:

- Ruso Somoza, Patricia con DNI ***690***, presentada pola Sede Electrónica do Concello de Dodro, con RE 20249990000448 de data 03/06/2024.

Segundo.- Declarar definitivamente admitidos/as no proceso de selección ás seguintes persoas aspirantes por ter presentada en tempo e forma a documentación relacionada nas bases que rexen o proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	CELGA 4	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Otero Pérez, Susana	***373***	Si	Admitida
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***	Si	Admitida
Ruso Somoza, Patricia	***690***	Si	Admitida

Terceiro.- Nomear ó seguinte Tribunal Cualificador para o referido proceso selectivo, con arranxo á seguinte composición:

Presidenta:

Titular: María Elisabet Domínguez Rodríguez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Suplente: María José Rodríguez Expósito, técnica do Concello de Dodro.

Vogais:

Titular: María Fernanda Montero Parapar, secretaria-interventora do Concello de Catoira.

Suplente: Francisco Javier Ulloa Arias, interventor do Concello de Santa Comba.

Titular: Inmaculada Seage Freire, funcionaria do Concello de Rois

Suplente: Ignacio Soto González, arquitecto do Concello de Teo.

Titular: Rosario Ríos Rey, persoal laboral fixo do Concello de Rois.

Suplente: María Cristina Varela García, secretaria-interventora do Concello de Xermade

Secretaria:

Titular: Sandra María García Chenlo, secretaria-interventora do Concello de Dodro.

Suplente: Begoña Collazo Ortega, interventora do Concello de Rois.

Cuarto.- Convocar ao Tribunal Cualificador para a súa constitución o día 28/06/2024, ás 9:00 horas, no Concello de Dodro (Tallós s/n, Dodro).

Quinto.- Convocar ás persoas aspirantes admitidas á realización do primeiro exercicio da fase de oposición para formación dunha bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego ás 10:00 horas do día 28/06/2024, na Casa do Concello de Dodro.

Sexto.- Declarar exentos da realización do segundo exercicio da fase de oposición, consistente na realización da proba de coñecemento de lingua galega, a todas as persoas aspirantes por ter acreditado estar en posesión do Celga 4.

Sétimo.- Que se publique a presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Dodro.

Oitavo.- Notificar a presente resolución ás persoas integrantes do Tribunal Cualificador e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, de acordo co disposto no artigo 42 do ROF.

*Documento asinado dixitalmente
O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís
A secretaria-interventora, que da fe.*